

O seu fillo ou filla atópase nun momento moi importante do desenvolvemento, a adolescencia. Este caracterízase por unha serie de cambios fisiolóxicos e mentais, entre os cales, un dos máis importantes ten que ver coa maduración cerebral.

Teña en conta a seguinte información sobre os posibles cambios que pode experimentar:

- Incremento da toma de riscos
- Incremento da influencia de amigos e amigas
- Desaxustes emocionais bruscos
- Perda de comunicación familiar
- Retar o cumprimento de normas

Entre os comportamentos inseguros relacionados coa seguridade viaria, un dos máis relevantes é

incumprir a obrigatoriedade de utilizar o cinto de seguridade dos vehículos.

No transporte escolar, todos os pasaxeiros e todas as pasaxeiras, teñen que empregar os cintos de seguridade dos que dispón o autocar e son responsables persoais das consecuencias



legais de non utilizalo, e os pais, nais ou titores legais responderán solidariamente con el.

1. Non xulgue

Faga as observacións que precise sendo obxectivo. Comente o que viu, sabe ou escoitou, sen facer valoracións

6. Feedback
Asegúrese de que o que quería dicir é o que seu fillo/a comprendeu. Aclaren calquera aspecto que necesiten revisar

2. Que sente?
Comúniquelle o que sente ao respecto. Expréselle claramente cal é o seu sentimento. Amose realmente o por que do seu sentimento

COMÚNIQUESE
EFICAZMENTE

5. Faga petición
Pídalle se estaría disposto/a a facer algo diferente. Trasládelle claramente en que consistiría ese cambio. Ante unha negativa, pregunte por que

3. Comprenda
Amósesse comprensivo. Se ten algún exemplo da súa experiencia adolescente que se asemelle, cóntella, compártaa

4. Que necesita?
Dígalle cales son as súas necesidades (seguridade, confianza, protección, comprensión, etc) Non de nada por sabido

Fale con el ou ela de...

- a seguridade viaria nos autocares
- a obrigatoriedade do uso dos cintos de seguridade para todos os pasaxeiros e pasaxeiras
- os beneficios do uso do cinto de seguridade
- a importancia de respectar as indicacións do condutor ou da condutora, así como a persoa acompañante de transporte escolar